
**CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO
PARA A NOVA SEDE DA DELEGACION DO
COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA EN VIGO**

BASE 1ª OBXECTO

Selección do PROXECTO máis adecuado según o xuízo do xurado para a construción do edificio que albergará a NOVA SEDE da delegación de Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a ordenación da PRAZA PÚBLICA de nova creación no solar do antigo *Pueblo Gallego* no centro da cidade de Vigo.

BASE 2ª PROCEDEMENTO

Trátase dun concurso de ideas a nivel de anteprojecto, anónimo e de fase única, no que se seleccionará un dos anteprojectos presentados.

BASE 3ª ENTIDADE CONVOCANTE

Convoca este concurso o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Delegación de Vigo con domicilio social na rúa Marqués de Valladares nº 27, baixo.

BASE 4ª EMPRAZAMENTO

O solar obxecto do concurso, encóntrase ubicado no centro da cidade, próximo á Porta do Sol, onde están situadas as ruínas do antigo edificio do diario "EL PUEBLO GALLEGO", entre a rúa Doctor Cadaval e a Travesía de Aurora.

BASE 5ª CONCURSANTES

Poden participar no concurso, todos os arquitectos incorporados a algún dos colexios oficiais de arquitectos de España, individualmente ou formando equipos.

Cada concursante poderá presentar unha única proposta e –de facelo en equipo– só poderá formar parte dun, figurando no primeiro lugar o nome do director do equipo a todos os efectos.

Os concursantes deberán estar en situación de colección regulamentaria para redactar o proxecto básico e máis o de execución, derivados do anteprojecto presentado e tamén para exercer a dirección facultativa das obras; así como estar ao día nos pagos legalmente establecidos, nos estatutos colexiais.

Serán incompatibles para participar neste concurso os seguintes grupos de Arquitectos:

- Os membros do Xurado.

- Os que por razón da súa relación de servicios como funcionarios ou contratados, ou pola súa condición de cargos públicos electos ou designados, poidan ter que intervir no posterior proceso de concesión de licenza de obras.
- Calquera outro que resultase afectado de incompatibilidade por aplicación da normativa deontolóxica da profesión, aprobada polo *Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España*.
- Os socios, colaboradores habituais, empregados e familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade dos tres grupos anteriores.

BASE 6ª INSCRICION

Non se define unha data límite para se inscribir no concurso, pois será considerado inscrito todo concursante que cumpra as condicións de compatibilidade anteriormente sinaladas e presente o impreso de inscrición xunto ó resguardo da correspondente cuota, antes das 14 horas do día indicado máis adiante como data límite para a entrega das propostas.

As inscricións (formulario anexo) serán enviadas á atención do Secretario da Delegación do COAG en Vigo, por calquera dos seguintes medios:

- Entregadas persoalmente na Delegación: **R/ Marqués de Valladares 27, baixo. C.P.: 36201 VIGO**
- No caso de presentación simultánea da proposta e a inscrición, esta última tamén se presentará nun sobre opaco cerrado que levará no seu exterior o mesmo lema e a palabra "INSCRICION".
- Por correo electrónico á dirección: **concurso.sede.vigo@coag.es**
- Por fax dirixido ao número: **986.438.770**
- Por servizo de mensaxería, á mesma dirección, con indicación expresa da hora e día de entrega.
- Por correo certificado, á mesma dirección. Deberá figurar a data límite ou anterior no cuño estampado polo servizo de Correos do lugar de envío.

BASE 7ª COTA DE INSCRICION

A cota de inscrición por concursante ou equipo será de 60 Euros en concepto de elaboración da documentación do concurso, información e tramitación.

O seu pago deberá facerse por transferencia bancaria ou ingreso en efectivo, facendo constar "CON-

CURSO DELEGACION VIGO" á seguinte conta na oficina da Rúa Colón, número 7 de Caixa Galicia en Vigo: **C/C nº 2091/0511/33/3040028719**

O xustificante de pago deberá achegarse á solicitude de inscrición.

Nas solicitudes enviadas por correo electrónico consignaránse os datos do pago de xeito que permitan a súa identificación.

BASE 8ª **ADMISION**

Quenes cumpran coas condicións de compatibilidade e cos requisitos da inscrición serán admitidos no concurso por resolución da Sra. Presidente da Delegación.

A partir do 19 de novembro de 2004, a documentación gráfica poderá ser descargada libremente, da páxina web do COAG: <http://www.coag.es>

1. Planos e fotografías do solar.
2. Datos de edificabilidade máxima, alineacións e sólido capaz.
3. Presuposto máximo de contrata ó que deberá axustarse á proposta: 1.800.000,00 Euros I.V.E. INCLUÍDO (UN MILLON OITOCENTOS MIL EUROS) (I.V.E. INCLUÍDO).
4. Programa de necesidades
5. Normativa de aplicación (Ordenanzas do PEEC de Vigo)

BASE 9ª **CONSULTAS**

Dende o 19 de novembro de 2004 e ata o día 10 de decembro de 2004, os concursantes poderán formular consultas, dirixíndose por escrito ao Sr. Secretario, nas oficinas da Delegación, ou vía e-mail na dirección de correo electrónico: **concurso.sede.vigo@coag.es**

As respostas ás consultas serán remitidas por correo electrónico ao interesado e publicadas na páxina Web do COAG - <http://www.coag.es>

BASE 10ª **PRESENTACION DOS TRABALLOS**

O prazo de presentación das propostas termina ás 14,00 horas do martes **1º de febreiro de 2005**.

O lugar de presentación será as oficinas da Delegación do COAG en Vigo, na rúa Marques de Valladares 27, baixo.

Admitiranse así mesmo aqueles traballos que sexan enviados por correo certificado administrativo ou servizo de mensaxería, sempre que fosen depositados nas respectivas oficinas de recepción antes ou dentro da data e hora anteditas e así constase na documentación de envío.

BASE 11ª **DOCUMENTACION DOS TRABALLOS**

Os concursantes entregarán:

-Un exemplar do anteproxecto, coa documentación completa requerida para esta fase dos traballos, pola normativa colexial vixente, encuadernada a tamaño UNE A3.

-Un máximo de dous paneis lixeiros de tamaño UNE A1 que conteñan a documentación gráfica da proposta e un resumo da memoria.

No se admitirán maquetas nin presentacións video-gráficas.

Os envoltorios externos e toda a documentación presentada, levará como único signo ou marca de identificación, un lema de libre elección e a indicación: "CONCURSO SEDE DA DELEGACION DO COAG EN VIGO".

Acompañarase dun sobre opaco cerrado, que levará no seu exterior o mesmo lema e indicación e no seu interior o nome do autor ou autores do anteproxecto.

No caso de presentación simultánea da proposta e a inscrición, esta última tamén se presentará nun sobre opaco cerrado, que levará no seu exterior o mesmo lema e a palabra "INSCRICION".

Na Delegación extenderase un recibo da entrega que servirá, no seu caso, para a posterior retirada da documentación presentada.

O incumprimento da norma de anonimato será causa de exclusión do traballo presentado, polo que se deberá poñer especial atención, para non infrinxila, especialmente no caso de envíos certificados.

BASE 12ª **O XURADO: COMPOSICION, DELIBERACION E FALLO**

O Xurado do concurso estará formado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE:

- A Ilma. Sra. Decana-Presidente do COAG ou persoa en que delegue.

VOCALIS:

- A Sra. Presidente da Delegación de VIGO.
- O Sr. Delegado da Comisión de Planeamento da Delegación de VIGO.
- Un arquitecto designado pola Xunta Directiva de la Delegación de VIGO.
- Un arquitecto designado pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
- Un representante do *Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España*.

SECRETARIO:

Será Secretario do Xurado, con voz pero sen voto, un membro da Xunta Directiva da Delegación de VIGO.

folia 2

**CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO
PARA A NOVA SEDE DA DELEGACION DO
COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA EN VIGO**

O Xurado será convocado pola Presidencia e seleccionará:

Un anteprojecto como 1º premio

Un anteprojecto como 2º premio

Un anteprojecto como 3º premio

Tres anteprojectos como mención do Xurado (accésits)

O fallo farase público o 11 de febreiro de 2005 e será publicado na Circular colexial e comunicado por correo certificado a todos os concursantes inscritos.

Nas deliberacións examinaranse expresamente:

- A calidade arquitectónica das propostas.
- A adecuación ao programa de necesidades.
- O cumprimento da normativa de aplicación.
- A **viabilidade económica**.

O Xurado razonará debidamente o fallo e poderá facer recomendacións de modificacións sobre os anteprojectos seleccionados

O fallo do Xurado será inapelable.

BASE 13ª PREMIOS

1º Premio: 10.000,00.Euros, como entrega a conta do encargo do proxecto do edificio e da ordenación da praza en MISION COMPLETA. Por un importe total de Honorarios de 118.620,00 Euros.+ IVA

2º Premio: 6.000,00 Euros.

3º Premio 4.000,00 Euros

3 accésits de 2.500,00 Euros cada uno

Os premios non poderán ser declarados desertos.

O pago dos premios farase nun prazo máximo de 30 días, contando dende o seguinte ao da emisión do fallo.

BASE 14ª ENCARGO DEFINITIVO

O concursante ganador subscribirá, unha vez emitido o fallo do Xurado, un contrato de asistencia técnica co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, comprometéndose á entrega antes do 30 de marzo de 2005, de:

- PROXECTO BASICO DO EDIFICIO
- PROXECTO DE URBANIZACION DA PRAZA

BASE 15ª PROPIEDAD INTELECTUAL

Os concursantes conservarán todos os seus dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos presentados.

A documentación dos traballos premiados pasará a ser propiedade do COAG.

Non obstante, polo feito da súa presentación ó presente concurso, os concursantes ceden ó COAG o dereito a reproducir e publicar a totalidade dos traballos presentados e a organizar unha exposición pública dos mesmos, unha vez emitido o fallo do Xurado. Tanto na publicación como na exposición se manterá o anonimato dos traballos non premiados, salvo que os autores soliciten o contrario.

Celebrada a exposición pública, os concursantes non premiados poderán retirar os seus traballos presentando o recibo de entrega.

BASE 16ª ACEPTACIÓN DAS BASES DO CONCURSO

A presentación ao concurso implica coñecemento e aceptación íntegra das presentes bases.

Vigo, 28 de outubro de 2004

**CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO
PARA A NOVA SEDE DA DELEGACION DO
COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA EN VIGO**

MODELO DE INSCRICIÓN

D/a.,
arquitect@ colexiad@ nº, no Colexio Oficial de Arquitectos de,
e con enderezo en
no municipio de, C.P. e con D.N.I. nº

en nome propio

en representación da sociedade

en representación do equipo integrado polas seguintes persoas:

Nome Profesión

Nome Profesión

Nome Profesión

Enterad@ da convocatoria do concurso de ideas, a nivel de anteproxecto, para a nova sede da Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en Vigo, anunciado en circular nº 91/2004 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, solicito a miña inscrición (ou a da sociedade ou equipo ó que represento).

Manifestando que coñezo e acepto as bases que rexen esta convocatoria.

En a de de 2004

Asdo.